

UNHA GRANDE EVOLUCIÓN CULTURAL E TECNOLÓXICA: **A PREHISTORIA**

Hai máis de dous millóns de anos, os homínidos comezaron a empregar materiais que tiñan ao seu alcance para crear instrumentos. De feito, esta capacidade de fabricar ferramentas de forma consciente e de transmitir o coñecemento converteunos en humanos. Aí empezou a gran evolución tecnolóxica da **humanidade**.

Hoxe en día, adoitamos asociar tecnoloxía con modernidade e pensamos que somos protagonistas da revolución tecnolóxica. Pero ... pensaches algunha vez o importante salto que significou para o ser humano a fabricación de machadas de pedra, o descubrimento do lume ou da agricultura? Poderíamos chegar ao ordenador ou ao teléfono móbil sen a curiosidade dos nosos antepasados?

Grupo 1: Que cambios nos fixeron humanos? Paleolítico.

- O proceso da hominización (Evolución do ser humano).
- Unha sociedade depredadora e nómade (Vivían da caza, da pesca e da recolección; habitaban en abrigos e covas e dominaron o lume).

Grupo 2: A agricultura fixo produtor e sedentario ao ser humano? Neolítico.

- O descubrimento da agricultura e a gandería comportou o sedentarismo e novos útiles.
- Orixe e difusión do Neolítico.

Grupo 3: Que nos ensina a arqueoloxía? Xacementos, pintura, escultura e gravados.

- Os xacementos arqueolóxicos.
- Por que pintaban nas paredes das covas? (Pintura naturalista, pintura esquemática).
- A escultura e gravados.
- O Megalitismo

Grupo 4: Os poboados da Idade dos Metais

- A metalurxia e uns poboados máis complexos comportaron unha sociedade máis diversa. (Idade do Cobre, do Bronce, do Ferro).

Que sabemos da Prehistoria na Península Ibérica e en Galicia?